E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con persoal profesionalizado e estable os labores de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención e emerxencias para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustíbel en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... esixe un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva.

Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a daren os pasos precisos para converter o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais nun servizo único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias, nomeadamente as rurais.”

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/07/2022 10:09:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 10:09:40

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 10:09:48

María González Albert na data 20/07/2022 10:09:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a xestión da Xunta de Galiza en relación coa prevención e loita contra os incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na xornada do xoves 14 de xullo producíase en Galiza unha tormenta explosiva especialmente virulenta que descargaba máis de 5.000 raios deixando tras de si un regueiro de conatos e focos de incendio por todo o país e principalmente nas zonas do interior.

Nos días sucesivos vimos como moitos deses focos se convertían en lumes que foron crescendo en magnitude e agresividade e, tras dunha primeira sensación de control que a Consellaría anunciou cara o mediodía da xornada do sábado 16 de xullo, vimos como nesa mesma tarde e nas xornadas sucesivas varios lumes se descontrolaban e se convertían en grandes incendios que asolaban ao seu paso zonas de especial importancia ambiental así como núcleos habitados de distintos lugares do interior do país.

Cando arrancaron os lumes, o 14 de xullo, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, fixo unhas declaracións públicas en rolda de prensa asegurando que “o operativo está plenamente operativo” e no que deu as seguintes cifras: “7.000 efectivos, 380 motobombas, tractores e palas mecánicas e 30 medios aéreos”. 4 días despois, o 18 de xullo, en declaración aos medios sobre o terreo e acompañado do conselleiro do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medio Rural e do director xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais deu a seguinte información: “máis de 400 efectivos traballando, 40 motobombas e as 3 cisternas das que dispón a Consellaría traballando”.

Mentres tanto, uns lumes que foron aumentando a súa extensión até afectar neste momento a máis de 19.000 hectáreas cando os grandes lumes de Pradoalbar (Vilariño de Conso), Riodelas (Carballeda de Valdeorras), Folgoso-Pobra de Brollón e Oímbra non están nin sequera estabilizados, o que pode supor un aumento significativo de superficie queimada antes da súa completa extinción. Un apunte de extrema gravidade é a cantidade de núcleos habitados que teñen atinxido estes lumes, provocando a desolación en lugares como Candeda e o Robledo de Domiz (Carballeda), Alixo (O Barco de Valdeorras) e a Veiga de Cascallá e o Castelo (Rubiá), Vilar (Folgoso do Courel) ou Río de Bois (na Pobra de Brollón).

Polo tanto, diante da situación provocada polos incendios forestais que están a asolar Valdeorras, o Courel, o Invernadoiro, Oímbra e outras zonas do país así como das respostas públicas institucionais que o Goberno da Xunta de Galiza está a facer no referido á xestión dos lumes así como á xestión do propio persoal e recursos do SPDIF xorden varias cuestións relevantes.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Corrixir de xeito inmediato as deficiencias de persoal dentro do SPDIF cubrindo as baixas e garantindo que as brigadas de bombeiros forestais funcionen con todos os seus efectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Modificar o contido e estrutura do PLADIGA para convertelo nun documento realmente eficaz incorporando ao final de exercicio unha avaliación da tempada anterior e presentándoo a comezos de ano para que poida ser implementado, explicado e promocionado correctamente de cara a tempada de alto risco.

3. Promover unha mesa de traballo cos axentes sociais na procura de consensos sobre as medidas necesarias para erradicar os lumes forestais.”

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 20/07/2022 10:33:13

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 10:33:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 10:33:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 20/07/2022 10:33:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a declaración de “Zona afectada gravemente por emerxencia de protección civil” dos espazos afectados polos incendios forestais desde o día 14 de xullo e seguintes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días o lume castigou duramente a distintos concellos e comarcas de Galiza, arrasando máis de 22.500 hectáreas no conxunto de incendios forestais rexistrados desde o xoves 14 de xullo, segundo as primeiras estimacións nuns lumes que na súa maior parte aínda están activos neste momento. Segundo os últimos datos ofrecidos pola Consellaría do Medio Rural son xa máis de 1.400 as persoas desaloxadas por estes incendios en 80 núcleos de poboación pertencentes ao Courel (Lugo) -uns 60 núcleos- e a Valdeorras (Ourense) -uns 20 núcleos-.

Neste momento o incendio máis grande continúa a ser o orixinado na parroquia de Riodolas (Carballada de Valdeorras) que xa queimou unha superficie dunhas 9.000 hectáreas de terreo na comarca, estendéndose a ambas marxes do río Sil e entrando no Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e tamén na comarca veciña do Bierzo (Castela e León). O segundo en extensión dos números lumes que están a afectar ao país é o que xa calcinou 7.500 hectáreas no Courel e a Pobra de Brollón (Lugo) despois de que confluísen catro incendios previos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes incendios destruíron masa forestal e espazos naturais de especial relevancia. O mesmo acontece co que leva varios días devastando o Parque do Invernadoiro que tivo a súa orixe en Pradoalbar (Vilariño de Conso) e que xa queimou 3.500 hectáreas.

Os dous primeiros lumes destruíron tamén no seu imparábel avance varias vivendas e algunhas aldeas case por completo. É o caso da parroquia de Alixo (O Barco de Valdeorras) ou A Veiga de Cascallá (Rubiá). Entre outros lugares, tamén se queimaron casas no núcleo de Río de Bois (A Pobra de Brollón) ou na aldea do Vilar (Folgoso do Courel).

A Xunta informou este mércores de que aínda hai 7 incendios máis activos e no seu conxunto hai tres nos que aínda está declarada a situación 2 por proximidade aos núcleos de poboación e que obrigaron a desalojar máis vivendas.

Aínda que falta por controlar e declarar extintos moitos destes lumes, é necesario iniciar as medidas que poidan reparar e indemnizar os danos causados nas propiedades das persoas e tamén nos espazos naturais afectados. Por iso é fundamental que a Administración Xeral do Estado, unha vez rematado o balance de danos, impulsase a declaración de emerxencia de protección civil.

Evidentemente a prioridade neste momento é apagar os lumes, mais é importante pensar xa no día despois e, neste sentido, propomos a declaración de zona catastrófica para que haxa axudas, recursos e se poñan todos os medios necesarios para a recuperación das terras e as vivendas queimadas. Debe existir colaboración entre todas as administracións para que se reverta o dano causado polos lumes. Por iso é importante que a Xunta de Galiza se dirixa ao Goberno central para coordinar estas cuestións.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, contempla que cando aconteza un fenómeno extraordinario pola súa magnitude e gravidade e altere as condicións de vida das/os cidadás/áns, o procedemento para poñer en marcha os diferentes tipos de medidas é a “declaración de emerxencia de protección civil” por Acordo do Consello de Ministros a proposta do Ministerio de Facenda e de Interior. Para unha declaración deste tipo, a lei recolle que “se valorará que se teñan producido danos persoais ou materiais derivados dun sinistro que perturbe gravemente as condicións de vida da poboación nunha área xeográfica determinada”. Iso precisamente é o que está a acontecer en Valdeorras, O Courel, O Invernadoiro e outras zonas de Galiza.

No capítulo V da devandita normativa, titulado “Recuperación” contempla cuestións concernentes ás fases da recuperación, os danos materiais e os danos persoais. No artigo 23 establece o procedemento de declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil: o artigo 24 contempla as medidas aplicábeis, entre elas as axudas económicas a particulares por danos en vivenda habitual e enseres de primeira necesidade, ou medidas fiscais como a contemplada no artigo 7 que indica que “as axudas por danos persoais estarán exentas do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas”, entre outras moitas exencións fiscais. Tamén se recollen medidas laborais e de Seguridade Social.

Resulta evidente que a catástrofe derivada dos graves incendios producidos en Galiza estes días axústase perfectamente á devandita declaración.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Reclamar ao Goberno do Estado que se inicie o procedemento de declaración das zonas afectadas polos incendios de Galiza como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil pola grande extensión do terreo calcinado e as vivendas destruídas, en aplicación do contemplado no artigo 23 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil que indica no seu punto 1 que: *“a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil prevista nesta lei efectuarase por acordo do Consello de Ministros a proposta dos Ministros de Facenda e Interior e, no seu caso, dos titulares dos demais Ministerios concernidos e incluirá, en todo caso, a delimitación da área afectada. A devandita declaración poderá ser solicitada polas administracións públicas interesadas”*.

2. Reclamar ao Goberno do Estado que, a tal obxecto, aprobe as medidas contempladas no artigo 24 da devandita Lei que comprende axudas económicas a particulares, así como medidas fiscais de exención tributaria e medidas laborais e de Seguridade Social.”

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/07/2022 12:34:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 12:34:11

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 12:34:20

María González Albert na data 20/07/2022 12:34:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao redor de 500 alumnos e alumnas dos dous cursos de bacharelato recibían esta fin de curso unha inesperada noticia da Consellería de Educación que frustraba as expectativas creadas pola propia Xunta para continuar este verán a melloraren as súas competencias en linguas estranxeiras.

O que prometía ser unha ilusionante oportunidade para a aprendizaxe en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal, converteuse nunha frustrada ocasión perdida para este alumnado ao lle comunicar a Xunta, de forma repentina e con toda a organización en marcha, a suspensión do programa de aprendizaxe de linguas no estranxeiro ao ficar deserta a prestación deste servizo no proceso de adxudicación.

O alumnado beneficiario e xa admitido nesta convocatoria denuncia a falta de información e transparencia sobre este proceso por parte da Consellería nos últimos meses até finais de xuño en que se fixo pública a suspensión do programa de viaxes sen máis explicación ás familias afectadas.

Resulta inaceptábel que esta falta de planificación e organización por parte da Xunta non sexa asumida cunha resolución alternativa de forma inmediata e que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pretenda responder anunciando unha reserva de prazas para este alumnado na convocatoria do ano 2023.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a ofrecer, dentro deste ano 2022, unha alternativa formativa equivalente para o alumnado de bacharelato beneficiario da convocatoria de viaxes de mellora da competencia en linguas estranxeiras en Canadá, Reino Unido, Francia e Portugal.”

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/07/2022 09:56:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 21/07/2022 09:56:43

Mercedes Queixas Zas na data 21/07/2022 09:56:57



Á Mesado Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e con unha importante carga de biomasa. Por outra banda cada día vese como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

A situación que nos atopamos no rural é unha poboación cada día con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e maiores, desmantelamento dos servizos bancarios, o transporte público etc.

Como imos a loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso na Galicia Rural, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e arborado desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman as terras de labor, pastos, e prados, que protexen as masas forestais e os núcleos de poboación,.

A grande debilidade que ten a nosa foresta é que a silvicultura preventiva é practicamente inexistente. Exemplo ben claro é a contratación das brigadas forestais de fixos discontinuos traballando entre 6 e 9 meses, que si traballasen todo o ano eses meses que están inactivos poderían estar facendo silvicultura preventiva. E que dicir das brigadas municipais que teñen que facer silvicultura preventiva na época de máximo risco de incendios, consecuencia de ter contratos so de 3 meses.

Urxe que se replantee o modelo de gastar case unha centena de millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade



ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica ambiental.

O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o camiño da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80 % a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sustentabilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia). Máis de 2.500 millóns de euros vanse a gastar nestas dos próximas décadas en extinción se segue a mesma política que ata o momento.

Outra das cuestións que debe mudar é a debida xestión forestal sostible que debe ter a Xunta de Galicia, onde se sinerxien tanto os aspectos económicos como os ambientais con os sociais desenrolando unha xestión sostible do territorio agrogandeiro e forestal como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade.

Co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta a obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica e soamente con limitacións de uso no seu territorio.

Hai que desenrolar sen máis demora os PORF como así o di a recomendación número 2 do Parlamento galego, que establece que tiñan que estar feitos antes que finalizase o 2024, una vez aprobada a Revisión do PFG de tódolos distritos.

De xeito paralelo deberan de poñer en marcha, modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal, que sexan verdadeiros instrumentos no que se asentase o sector forestal, débese regular o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas, a unidade de xestión non pode ser a parcela concreta, ten que ser xestor e sendo así este terá que dedicar parcelas a produción e outras a conservación, seguindo o modelo da agricultura e a gandería para a PAC.

Estance a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade



e fortes ventos, a chamada regra climatolóxica do 30/30/30, debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego. De feito debemos recordar o acontecido en Galicia no ano 2017 e a desgracia acontecida no mes de xullo na nosa a Comunidade nas provincias de Ourense e Lugo, concretamente nos concellos de Folgoso do Courel, A Pobra do Brollón, Carballada de Valdeorras e o Barco de Valdeorras (afectando o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra) , Vilariño de Conso (afectando o Parque Natural do Invernadeiro) como tamén no Concello de Oímbra.

Debemos modificar o actual sistema de prevención, analizando as zonas abandonadas principalmente en Lugo e Ourense, elaborando o correspondente mapa de riscos segundo fixa a Lei de incendios, algo que vimos reclamando por parte deste grupo dende hai tempo e que tería que figurar nos Pladigas e ano tras ano non aparece, posto que nin o PEIFOGA ni no PLATERGA o teñen. Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debera desenrolar un estudo profundo coa elaboración entre outros dun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia dos lumes e sendo precisos nas zonas onde aplicar medidas preventivas que non so teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cuns traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras.

Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia, maior falla de profesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortallumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido



tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais. Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras “*accións sociolóxicas e de educación ambiental*”, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas “Aulas Forestais” están pechadas.

Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos “*non se valora o que non se coñece*”, se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha un plan de recuperación da actividade agrogandeira e forestal e contra o despoboamento no rural galego e de forma especial nas zona de montaña, en aplicación do artigo 130 da Constitución española.
2. Mellorar a profesionalización, a loita contra a temporalidade e a coordinación das persoas traballadoras e medios de loita contra o lume.
3. Reformular o modelo das brigadas municipais creadas o amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia entre Xunta Galicia e as entidades locais.
4. Levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xuño de cada ano.
5. Presentar o Pladiga de cada ano no primeiro cuadrimestre.
6. Desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía, con accións formativas dirixidas ao alumnado galego, especialmente nas zonas rurais e accións de concienciación da cidadanía,



facendo un estudo sociolóxico de cada territorio e promovendo medidas encamiñadas a conciliar intereses e concienciar da importancia da prevención contra lume dada a virulencia que está acadando como consecuencia do cambio climático.

7. Ante o risco de incendios convectivos desenrolar un estudio profundo cun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia de lumes as medidas preventivas que non só deben de ser rozas senón que deben combinarse unha paisaxe en mosaico onde se poidan illar os focos secundarios deste tipo de lumes.
8. Realizar plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación, coa colaboración dos concellos e os servizos de emerxencias locais e comarcais e a poboación implicada, como xa se está a facer noutros estados europeos.
9. Actualizar o dispositivo que contemple unha óptima organización de medios materiais e humanos, nos distritos forestais. O sistema estrutural de mando operativo (SEMOF), débese de desenrolar e de modo especial os sistemas de comunicación.

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/07/2022 13:31:47

Martín Seco García na data 21/07/2022 13:33:26

Marina Ortega Otero na data 21/07/2022 13:33:39

Eduardo Ojea Arias na data 21/07/2022 13:33:50

Patricia Otero Rodríguez na data 21/07/2022 13:33:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/07/2022 13:34:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A dita lei establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa, establecendo as auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga como un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

Con estes argumentos, a entidade Augas de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia do 8 de xullo a Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, como unha medida de cooperación necesaria destinada aos concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación cunha poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes e cun crédito de 300.000 euros e no seu artigo 11 se establece a documentación complementaria que debe achegar cada concello solicitante electronicamente, xunto coa solicitude:



- a) Resolución do órgano competente do concello solicitante pola que se acorde a solicitude da subvención ao abeiro desta resolución, con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en que conste expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.
- b) Orzamento detallado, que describirá con claridade os conceptos, cantidades e o seu prezo unitario para a realización da auditorías municipais de abastecemento para minimizar as perdas de auga.
- c) Unha declaración asinada pola persoa titular da alcaldía-presidencia en que se indique que realizaron as tarefas de revisión, actualización e confirmación da información do abastecemento do concello solicitante na ferramenta Sisbagal (Sistema de información de servizos básico de augas en Galicia) <https://sisbagal.xunta.gal> con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022.

Para o suposto de non se presentar esta declaración, deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa do obxecto da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, en que se indique expresamente, polo menos, o seguinte: unha listaxe dos puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello, incluíndo a súa localización en coordenadas UTM fuso 29 ETRS89, a listaxe dos núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración e a poboación aproximada dos núcleos conectados.
- Planos a escala de suficiente detalle (1:10.000 ou menor) onde se representen, como mínimo, os puntos de captación e/ou importación/exportación de auga a outros concellos ou sistemas de abastecemento, estacións de tratamento de auga potable (ETAP), estacións de bombeo de auga potable, depósitos de auga de cabeceira e de distribución do concello e os núcleos de poboación conectados a cada depósito ou punto de subministración.

Os planos deberán conter unha lenda suficiente que permita a súa interpretación e estar o máis actualizados posible, non sendo admisibles aqueles nos cales non conste a data da súa realización nin os realizados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que estableza, previo acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, una plan a dous anos dirixido aos concellos galegos que teñan menos de 50.000 habitantes para a realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga.

Pazo do Parlamento, 20 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/07/2022 10:13:57

Paloma Castro Rey na data 20/07/2022 10:14:12

Pablo Arangüena Fernández na data 20/07/2022 10:14:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/07/2022 10:14:44



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez e Borja Vereja Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O sector da coxeneración ten un importante papel no escenario enerxético actual en Galicia, con 51 instalacións en funcionamento cunha potencia global de 483 MW que representa o 4% da potencia eléctrica instalada, achegando o 12% da enerxía eléctrica producida en Galicia (3.179 GWh/ano) e gran parte da demanda térmica (363.857 tep) que se consome nos procesos industriais asociados a estas instalacións.

Na actualidade están activas 24 instalacións de gas cunha potencia global de 240 MW que xeran o 50% da electricidade producida por este sector en Galicia. Tamén se dispón de 15 instalacións de fuelóleo e 8 de gasóleo que no seu conxunto suman unha

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



potencia global de 207 MW e xeran o 43% da electricidade producida con coxeneración.

Na nosa Comunidade a coxeneración está maioritariamente implantada en industrias de sectores estratéxicos (madeira, alimentación, papel, refino, químico, ...) que teñen consumos intensivos de calor e electricidade, polo que contribúe a reducir os custos enerxéticos, converténdose nunha ferramenta clave para a mellora da competitividade, especialmente naquelas industrias que teñen que competir en mercados internacionais.

Con todo, o sector da coxeneración enfróntase na actualidade a novos retos, entre os que cabe destacar pola súa inmediatez o límite de vida útil regulada ao que están a chegar moitas instalacións e as tensións económicas que está a xerar a volatilidade dos prezos do CO₂.

Non se dubida das vantaxes que achega a coxeneración (eficiencia enerxética, redución de emisións, aforro en infraestrutura eléctrica, enerxía xestionable, seguridade e calidade da subministración...) pero o sector debe avanzar na transición a unha economía baixa en carbono e para iso debe buscar a máxima eficiencia, minimizar as emisións e incidir en reducir os seus custos de operación e mantemento mediante a aplicación das mellores técnicas dispoñibles.

Por iso, o futuro do sector está asociado a unha modernización tecnolóxica que podería vincularse á transformación a combustibles alternativos como os gases renovables, o aumento de eficiencia e unha maior capacidade de xestionabilidade para apoiar ao Sistema Eléctrico, solucións que levarán asociadas importantes investimentos que permitirán á nosa industria ser máis competitiva.



A pesar de todas as vantaxes indicadas anteriormente, a aprobación por parte do Goberno do funcionamento do “mecanismo de compensación do mercado eléctrico”, o coñecido como “tope de gas” exclúe as instalación de coxeración de gas natural deste mecanismo de compensación, en desigualdade con respecto aos ciclos combinados que traballan a gas e que sí reciben esta compensación por este tope de gas.

Deste xeito, retribúese un 63% máis aos ciclos combinados fronte as coxeracións, o que na práctica se traduce nunha paralización do sector de coxeración a gas natural e a entrada de maior enerxía no mercado a través de ciclos combinados que son menos eficientes que as centrais de coxeración.

Por outra banda, o Goberno central está a tramitar a proposta de Orde pola que se actualizan os parámetros retributivos das instalación tipo aplicables á determinadas instalación de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos a efectos da súa aplicación no ano 2022, cunha proposta de retribución que rompe o equilibrio entre ingresos e gastos e que non é coherente coas medidas excepcionais de situación de crise enerxética actual.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España un compromiso claro có sector da coxeración, có desenvolvemento dunha regulación que promova unha rendibilidade razoable para este tipo de instalacións, así como que incentive investimentos que promovan cambios tecnolóxicos que contribuírán a mellorar a competitividade das industrias en sectores estratéxicos para Galicia”.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/07/2022 12:45:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 20/07/2022 12:45:56

Cristina Sanz Arias na data 20/07/2022 12:46:10

Sandra Vázquez Domínguez na data 20/07/2022 12:46:25

José Antonio Armada Pérez na data 20/07/2022 12:46:42

Pardo López, Adrián na data 20/07/2022 12:46:58

Rodríguez Pérez, Moisés na data 20/07/2022 12:47:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Vereza Fraiz na data 20/07/2022 12:47:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rosalía López Sánchez, Ovidio Rodeiro Tato, Paula Prado del Rio, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª de Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de impulsar os traballos dirixidos á elaboración desta guía no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar

Exposición de Motivos:

Vivimos nun mundo cada vez máis complexo e no que cada vez temos que afrontar máis retos de carácter social, pensando en mellorar a calidade de vida das persoas e en facer máis doada a convivencia con independencia da raza, relixión ou lugar onde se viva. A loita contra o racismo e a xenofobia, máxime entre a xente nova, ten que ser unha constante e unha prioridade nunha sociedade como a galega, plural e diversa.

Galicia conta con instrumentos para traballar a boa convivencia, tanto no conxunto da sociedade como, de xeito máis específico, nas aulas galegas. En concreto, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia e a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa constitúen o marco normativo que axuda a que a sociedade galega estea a dar pasos cara unha verdadeira igualdade e non discriminación das persoas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua.

Desde a perspectiva do sistema educativo, a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa foi innovadora, ao ter como obxectivo xerar un marco de convivencia que garanta o respecto nas aulas. Esta lei parte da convicción de que sen



un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias.

Asemade, cómpre lembrar que esta Lei aborda, por primeira vez no plano lexislativo español, o tratamento de situacións de acoso escolar. En concreto, o equipo de profesionais e expertos que elaboraron a proposta centráronse no fenómeno do acoso escolar vinculado á discriminación en todas as súas formas, pero con especial atención ás de tipo étnico-racial e ás condutas xenófobas co compromiso na tarefa de crear unha sociedade aberta, solidaria e plural.

A convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre o propio alumnado; isto leva a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar e o ciberacoso.

O Grupo Parlamentario Popular é coñecedor do traballo desenvolvido nestes anos pola Consellería competente en Educación, en especial, de todo o que supuxo a Estratexia Galega da Convivencia Escolar-Educonvives 2015-2020. Tamén valora o compromiso xa adquirido pola Xunta de actualizar e deseñar unha nova estratexia, na que terá encaixe a prevención do acoso escolar.

Como ten reiterado en varias ocasións o Goberno galego, non se pode pretender que os centros educativos teñan a capacidade exclusiva para resolver todos os retos sociais. Aínda así, sabemos que o espazo educativo xoga un papel fundamental no desenvolvemento persoal dos nenos e nenas e, neste contexto, hai que seguir afondando nas liñas de actuación, sempre atentos a evolución da sociedade.

Polo momento, en Galicia non se viven casos alarmantes de racismo nin de xenofobia, pero non hai que agardar a que se magnifique os problemas para actuar. O Grupo Parlamentario Popular entende que os pasos dados en materia de convivencia escolar van na boa dirección e quere contribuír a impulsar novas melloras e cubrir novas necesidades.

Sen esquecer que o racismo e a xenofobia debe combaterse cun enfoque transversal e que implique ao conxunto da sociedade, parece oportuno que desde os centros educativos se intensifiquen os avances acadados ata agora. Chegou o momento de reforzar o feito e de afondar na formación e sensibilización dos axentes educativos (docentes, alumnados e familias).



Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, con encaixe co previsto na normativa vixente e nunha nova Estratexia Galega de Convivencia Escolar, impulse a elaboración dunha guía ou de material que axude aos centros educativos a dotarse de instrumentos e mecanismos de actuación para a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar baseadas en actuacións racistas e/ou xenófobas”

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/07/2022 14:32:24

López Sánchez, Rosalía na data 21/07/2022 14:32:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/07/2022 14:32:47

Paula Prado del Río na data 21/07/2022 14:33:06

Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2022 14:33:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2022 14:33:32

José Luis Ferro Iglesias na data 21/07/2022 14:33:52

Gómez Salgado, Carlos na data 21/07/2022 14:34:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/07/2022 14:34:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/07/2022 14:34:38

José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2022 14:34:48

María Corina Porro Martínez na data 21/07/2022 14:34:59

Noelia Pérez López na data 21/07/2022 14:35:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/07/2022 14:35:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/07/2022 14:35:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rosalía López Sánchez, Ovidio Rodeiro Tato, Paula Prado del Rio, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª de Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de impulsar os traballos dirixidos á elaboración desta guía no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar

Exposición de Motivos:

Vivimos nun mundo cada vez máis complexo e no que cada vez temos que afrontar máis retos de carácter social, pensando en mellorar a calidade de vida das persoas e en facer máis doada a convivencia con independencia da raza, relixión ou lugar onde se viva. A loita contra o racismo e a xenofobia, máxime entre a xente nova, ten que ser unha constante e unha prioridade nunha sociedade como a galega, plural e diversa.

Galicia conta con instrumentos para traballar a boa convivencia, tanto no conxunto da sociedade como, de xeito máis específico, nas aulas galegas. En concreto, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia e a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa constitúen o marco normativo que axuda a que a sociedade galega estea a dar pasos cara unha verdadeira igualdade e non discriminación das persoas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua.

Desde a perspectiva do sistema educativo, a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa foi innovadora, ao ter como obxectivo xerar un marco de convivencia que garanta o respecto nas aulas. Esta lei parte da convicción de que sen



un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias.

Asemade, cómpre lembrar que esta Lei aborda, por primeira vez no plano lexislativo español, o tratamento de situacións de acoso escolar. En concreto, o equipo de profesionais e expertos que elaboraron a proposta centráronse no fenómeno do acoso escolar vinculado á discriminación en todas as súas formas, pero con especial atención ás de tipo étnico-racial e ás condutas xenófobas co compromiso na tarefa de crear unha sociedade aberta, solidaria e plural.

A convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre o propio alumnado; isto leva a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar e o ciberacoso.

O Grupo Parlamentario Popular é coñecedor do traballo desenvolvido nestes anos pola Consellería competente en Educación, en especial, de todo o que supuxo a Estratexia Galega da Convivencia Escolar-Educonvives 2015-2020. Tamén valora o compromiso xa adquirido pola Xunta de actualizar e deseñar unha nova estratexia, na que terá encaixe a prevención do acoso escolar.

Como ten reiterado en varias ocasións o Goberno galego, non se pode pretender que os centros educativos teñan a capacidade exclusiva para resolver todos os retos sociais. Aínda así, sabemos que o espazo educativo xoga un papel fundamental no desenvolvemento persoal dos nenos e nenas e, neste contexto, hai que seguir afondando nas liñas de actuación, sempre atentos a evolución da sociedade.

Polo momento, en Galicia non se viven casos alarmantes de racismo nin de xenofobia, pero non hai que agardar a que se magnifique os problemas para actuar. O Grupo Parlamentario Popular entende que os pasos dados en materia de convivencia escolar van na boa dirección e quere contribuír a impulsar novas melloras e cubrir novas necesidades.

Sen esquecer que o racismo e a xenofobia debe combaterse cun enfoque transversal e que implique ao conxunto da sociedade, parece oportuno que desde os centros educativos se intensifiquen os avances acadados ata agora. Chegou o momento de reforzar o feito e de afondar na formación e sensibilización dos axentes educativos (docentes, alumnados e familias).



Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, con encaixe co previsto na normativa vixente e nunha nova Estratexia Galega de Convivencia Escolar, impulse a elaboración dunha guía ou de material que axude aos centros educativos a dotarse de instrumentos e mecanismos de actuación para a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar baseadas en actuacións racistas e/ou xenófobas”

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/07/2022 14:32:24

López Sánchez, Rosalía na data 21/07/2022 14:32:35

Ovidio Rodeiro Tato na data 21/07/2022 14:32:47

Paula Prado del Río na data 21/07/2022 14:33:06

Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2022 14:33:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2022 14:33:32

José Luis Ferro Iglesias na data 21/07/2022 14:33:52

Gómez Salgado, Carlos na data 21/07/2022 14:34:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/07/2022 14:34:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/07/2022 14:34:38

José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2022 14:34:48

María Corina Porro Martínez na data 21/07/2022 14:34:59

Noelia Pérez López na data 21/07/2022 14:35:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/07/2022 14:35:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 21/07/2022 14:35:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño e Alberto Pazos Couñago** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4º de Educación e Cultura, polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de avanzar no proceso de convalidación de estudos que permitan seguir apoiando á Formación Profesional

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A oferta de titulacións de FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado.

Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

No marco da aposta polo impulso da Formación Profesional, a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas veñen de subscribir un acordo para facilitar a convalidación de estudos entre ciclos formativos e universidade.

O alumnado de ciclos superiores que decida continuar na universidade poderá solicitar o recoñecemento de determinadas materias de 188 graos universitarios a través dun catálogo público e obxectivo.



Agora toca dar un paso no camiño inverso: que os titulados universitarios que accedan á FP tamén poidan convalidar materias para o que é preciso que o Goberno do Estado modifique a normativa estatal.

Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande ao Ministerio de Educación e Formación Profesional que faga as modificacións oportunas para facilitar que os titulados universitarios que accedan á Formación Profesional poidan convalidar materias relacionadas”

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/07/2022 14:02:26

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/07/2022 14:05:57

Teresa Egerique Mosquera na data 26/07/2022 14:06:02

José Luis Ferro Iglesias na data 26/07/2022 14:09:01

Gómez Salgado, Carlos na data 26/07/2022 14:09:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 26/07/2022 14:09:40

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/07/2022 14:09:46

José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2022 14:10:31

Carmen María Pomar Tojo na data 26/07/2022 14:10:36

Ramón Carballo Páez na data 26/07/2022 14:11:33

María Sol Díaz Mouteira na data 26/07/2022 14:15:30

Freire Vázquez, María Begoña na data 26/07/2022 14:16:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 26/07/2022 14:16:13

María Belén Salido Maroño na data 26/07/2022 14:17:11

José Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2022 14:17:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/07/2022 14:18:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Os servizos de aula matinal, almorzo e madrugadores escolares, segundo as diferentes denominacións que se veñen empregando por toda Galicia, son servizos de asistencia, conciliación da vida laboral e familiar e apoio á escolarización existentes en moitos centros educativos públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade, a Xunta de Galicia e os regulamentos en materia de servizos complementarios educativos só recoñecen como tales servizos os de comedor escolar e transporte público escolar. Estes servizos de apoio á escolarización, que se desenvolveron na súa orixe como servizos de apoio á poboación rural, deben asumir a realidade dos tempos actuais e definirse como servizos esenciais de apoio á conciliación familiar e laboral universalizando a súa existencia en todos os centros de ensino públicos da comunidade.

O Goberno de España lanzou o III Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres 2022-2025, do cal o seu segundo eixo de traballo, e que cómpre lembrar concentra o 91 % dos recursos económicos do programa e se centra na implementación de medidas para o emprego digno e a redución da quebra salarial e das pensións, así como da corresponsabilidade nos coidados.

Que haxa escolas infantís de 0 a 3 anos e políticas públicas de conciliación como o Plan Corresponsables, que permitan que as mulleres, que son as que maioritariamente asumen esas tarefas de coidados, poidan exercer todos e cada un dos seus dereitos e non soamente poder conciliar a vida laboral coa vida familiar, senón tamén a vida persoal. En definitiva o apoio ás familias e ás mulleres dáse a través da provisión de servizos públicos que permitan o acceso ao traballo.

O artigo 80 da LOE dispón a habilitación competencial que insta ás comunidades autónomas a realizar as políticas de compensación en prol da igualdade de



oportunidades. Así mesmo, o artigo 112.5 dispón que as administracións educativas potenciarán que os centros públicos poidan ofrecer actividades e servizos complementarios co fin de favorecer que amplíen a súa oferta educativa para atender as novas demandas sociais, así como que poidan dispoñer dos medios adecuados, particularmente daqueles centros que atendan unha elevada poboación de alumnos con necesidade específica de apoio educativo.

No Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, declárase que: “o disposto no devandito decreto para os comedores escolares, é plenamente aplicable, polas razóns xa expostas, aos servizos de madrugadores e de aula matinal”.

O certo é que na Comunidade Autónoma de Galicia, tense desenvolto servizos de aula matinal e madrugadores escolares que constitúen de feito servizos educativos complementarios, pero que non gozan de dereito tal recoñecemento. Esta situación produce que estes servizos deban ser sostidos sen a supervisión, implicación e apoio da Consellería de Educación, desenvolvéndose en aulas adscritas á prestación de tales servizos, de forma análoga aos servizos de comedor escolar, pero nunha situación aínda máis precaria ao non estar recoñecidos dentro da propia normativa regulamentaria da Xunta de Galicia, o cal implica que a Consellería non destine a tales servizos coidadores/as de apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais, e dunha precarización maior aínda, dende o punto de vista dos espazos de servizo, que os propios servizos de comedor escolar.

A falta de persoas coidadoras é un problema sinaladamente acusado de igualdade de oportunidades, contrario á aplicación das directrices universais de aprendizaxe nos servizos complementarios, que a actual LOMLOE establece como principio inspirador da programación, proxección e dotación dos servizos e actuacións educativas, e provoca un agravio comparativo no acceso aos servizos para os devanditos nenos e nenas, cando, como xa se sinalou, o artigo 112 da LOE establece que os servizos complementarios deben ter unha especial sensibilidade cara as necesidades específicas de apoio educativo (e polo tanto, cando máis para as necesidades educativas especiais).



Finalmente, o citado decreto da Consellería de Educación dispón na súa disposición adicional terceira: *“Asunción progresiva pola consellería con competencias en materia de educación da xestión”*

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Declarar servizo educativo complementario os servizos de aula matinal, madrugadores escolares e almorzo.
2. Como consecuencia do anterior, instruír as liñas de financiamento para as entidades prestadoras destes servizos, co obxecto de que estes poidan ser subvencionados con cargo á Consellería de Educación.
3. Dotar estes servizos de madrugador e aula matinal das persoas coidadoras de necesidades educativas especiais necesarias para a súa atención durante a prestación do servizo, como se fai para o transporte escolar e os servizos de comedor.
4. Incluír dentro da planificación de execución do plan de nova arquitectura pedagóxica os investimentos necesarios para a provisión nos centros educativos de educación infantil e primaria das instalacións necesarias para a prestación axeitada dos servizos de comedor e madrugadores escolares, tanto dende o punto de vista das instalacións como do material preciso.
5. De acordo co disposto na disposición adicional terceira do Decreto 132/2013, dotarse das partidas orzamentarias necesarias para a progresiva asunción destes servizos pola Consellería de Educación, comezando por aqueles que levan as asociacións de nais e pais, incluíndo os servizos de aula matinal e madrugadores, para os que se realizaría unha planificación para realizar o mesmo procedemento de asunción paulatina de ditos servizos.

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2022 10:20:03
Nº Rexistro: 37143
Data envío: 15/07/2022 10:20:03.983

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 15/07/2022 10:16:06

Noa Susana Díaz Varela na data 15/07/2022 10:16:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2022 10:16:28

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputada e dos seus deputados, **Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación na sanidade pública da provincia de Ourense mingou na última década pola desidia coa mesma por parte do Goberno galego do Partido Popular. Os hospitais comarcais tiveron que soportar numerosos recortes nos seus servizos e recursos humanos. Ao mesmo tempo, a falta de recursos e o recorte de especialidades nos comarcais, fixo que o hospital de referencia na provincia, o CHUO, viva unha situación de sobrecarga agravada pola falta de recursos humanos para facer fronte á mesma, na provincia máis envellecida de Galicia.

A gravidade da situación levou aos pediatras do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO) a poñer en coñecemento da Valedora Pobo a situación de “vulneración dos dereitos asistenciais dos menores de 14 anos que se están a producir na actualidade na provincia de Ourense pola falta de previsión e mala organización da xerencia deste centro”.

A realidade é que dende o mes de febreiro hai unha xubilación e cinco baixas de longa duración, das cales a maioría foron previsibles. De feito coñecíanse antes de que os médicos internos residentes finalizaran a súa especialización, polo tanto nun momento no que existía dispoñibilidade de pediatras que buscaban ofertas de traballo. A xerencia decidiu a pesar da grave falta de recursos humanos, non cubrir ditas baixas. Este feito derivou non só na sobrecarga laboral dos pediatras, senón tamén na diminución dos servizos de consultas.

Ademais os hospitais comarcais de Verín e Valdeorras levan arrastrando ditas carencias, incluso co cese dun facultativo recentemente no hospital de Valdeorras no cal queda tan só un único pediatra.



O último calendario que a xerencia ordenou non logrou cubrir todas as gardas do mes en ambos centros (CHUO e Hospital de Valdeorras). Esta situación deriva na práctica na supresión total das consultas de subespecialidades durante todo o verao e posteriormente por un tempo indefinido.

Por parte da xerencia non se está a informar desta situación ás familias dos menores, polo que se limitan a anular citas e dicir que serán citados proximamente.

O máis grave acontece cando a propia xerencia admite que renuncian á atención a prematuros menores de 30 semanas, polo que terán que ser derivados a outro centro, neste caso a Vigo. Así mesmo comunicouse tamén aos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a situación é inadmisíbel xa que se está a poñer en perigo a saúde dos menores da provincia de Ourense por falta de dilixencia e investimento nunha cuestión vital.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, que de inmediato solucione a falta de medios nos servizos de pediatría do CHUO, do Hospital comarcal de Verín e de Valdeorras, para dar cobertura a todos os menores que o precisen, así como nas subespecialidades, e atención de prematuros.”

Pazo do Parlamento, 13 de xullo de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2022 11:23:18
Nº Rexistro: 37154
Data envío: 15/07/2022 11:23:18.259

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 11:15:33

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 11:15:52

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/07/2022 11:16:04

Eduardo Ojea Arias na data 15/07/2022 11:16:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2022 11:16:51

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os datos de paro do mes de xuño, publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, amplían a tendencia positiva do emprego, xa que a creación de emprego mantén un bo ritmo, 2,6 % anual en Galicia, aínda que por debaixo do que se rexistra no resto do Estado 4,3 % anual, e a porcentaxe de contratación indefinida segue alcanzando cotas moi altas un 37 % sobre o total, pero de novo este indicador é peor que no resto do Estado que é dun 44,3 % sobre o total.

Desta forma, para UGT-Galicia os resultados obtidos durante o primeiro semestre do ano confirman que a nova Reforma Laboral está a mostrarse eficaz á hora de mellorar a calidade do emprego, outorgando maior estabilidade e certeza á clase traballadora.

Con todo, é preciso alertar sobre a persistencia dun elevado número de persoas desempregadas de longa duración, xa que, segundo os datos do primeiro trimestre da EPA, contabilízanse ata 57.200 persoas paradas que levan máis de un ano buscando emprego en Galicia.

Trátase dunha cifra alarmante, sobre todo se temos en conta que, segundo a última Enquisa de Condicións de Vida (2021), ata un 58,6 % das persoas desempregadas atópanse en risco de pobreza ou exclusión social.



É necesario impulsar políticas activas de emprego máis eficaces, que se adapten á realidade específica de cada persoa e logren unha rápida reinserción laboral para todas elas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, elabore un plan de choque para reinserción laboral dirixido a persoas paradas de longa duración con medidas concretas e orzamento suficiente.

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/07/2022 11:27:23

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 11:27:32

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 11:27:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2022 11:27:51



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación sanitaria do Concello de Cerdedo-Cotobade atópase nunha situación de caos que está a causar un grave prexuízo á veciñanza deste concello.

Dende o Grupo Socialista vimos reivindicando á Xunta de Galicia que tome medidas para solucionar esta situación sen que pola súa parte exista resposta algunha.

En concreto en relación á situación na que se atopa o PAC de Cerdedo, xa rexistramos hai máis dun ano una iniciativa denunciando a deficiente asistencia sanitaria que alí se está a prestar xa que o médico titular deste centro sanitario goza de múltiples ausencias que non están a ser cubertas por ningún outro facultativo.

Isto agrávase coa decisión política da Xunta de Galicia de non cubrir as vacacións dos profesionais con novos facultativos senón que se utilice a denominada “intersustitución” que consiste en incrementar o cupo aos médicos do mesmo centro, incrementando notablemente o número de pacientes que ten que asistir cada profesional e degradando con isto o servizo.

A esta falta da asistencia médica axeitada súmase a ausencia dun pediatra adscrito a este centro, xa que este servizo é mancomunado entre varios concellos.

Esta fórmula sumada á non cobertura das vacacións ou enfermidade ocasiona que a ausencia da pediatra un día atrase ás revisións e as consultas ou obrigue as nais e pais a unha labor de investigación para saber a que centro médico pode levar ás súas fillas e fillos e posterior traslado a outros concellos.

A consecuencia desta falta de xestión da substitución dos facultativos provoca que se saturen os servizos de urxencias de A Parda ou Montecelo en Pontevedra, xa que é a atención sanitaria na que recorren as usuarias e usuarios na súa



desesperación por ser atendidos provocando os colapsos que abren todos os días os nosos medios de comunicación.

A situación é desesperante para os usuarios/as pero tamén para os profesionais.

As políticas do goberno do Partido Popular de Galicia nesta última década están a dinamitar o noso sistema sanitario e como non se tomen medidas urxentes dirixidas a un cambio de rumbo a asistencia sanitaria pública en Galicia vai saltar polos aires.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a cubrir as ausencias e vacacións dos facultativos, médico e pediatra, que prestan servizo no PAC de Cerdedo, no Concello de Cerdedo-Cotobade, co fin de poder ofrecer unha atención sanitaria de calidade á veciñanza.

Pazo do Parlamento, 15 de xullo do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/07/2022 12:50:26

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2022 12:50:34

Marina Ortega Otero na data 15/07/2022 12:50:43





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2022 13:10:03
Nº Rexistro: 37180
Data envío: 15/07/2022 13:10:03.871

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2022 12:50:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-z9Z5ssfQ9-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados **José Manuel Rey Varela, María Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Rosalía López Sánchez, Rubén Lorenzo Gómez, Adrian Pardo López, Carmen María Pomar Tojo, Paula Prado del Rio, María Belén Salido Maroño, Jesús Miguel Prado Patiño, Ovidio Rodeiro Tato, Borja Vereja Fraiz, José Manuel Balseiro Orol, Marta Nóvoa Iglesias, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión.**

Exposición de Motivos

A cidade de Ferrol e a súa área de influencia precisan de medidas que contribúan á súa reactivación económica e social. De feito, nos últimos 40 anos Ferrol perdeu un terzo dos seus habitantes e sitúase no último posto por taxa de natalidade entre as 125 cidades máis populosas de España.

A esta realidade hai que engadir a fonda crise económica e laboral dunha cidade e dunha comarca castigadas polo desemprego ata o punto de que é habitual que rexistre a taxa de paro máis alta de Galicia e unha das taxas de actividade máis baixas de España.

A estes factores ten contribuído dun xeito evidente a preocupante situación da súa industria, especialmente no ámbito enerxético e naval. En concreto, a insuficiente carga de traballo de industrias estratéxicas para esta localidade como é Navantia, o peche da central térmica das Pontes, da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas ou a deslocalización da industria do plástico.

Co obxectivo de corrixir esta situación en maio de 2021 foi presentado polo entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o Pacto de Estado por Ferrol dirixido á recuperación e transformación industrial de Ferrol, Eume e Ortegá.

Esta folla de ruta, que conta cun centenar de medidas para a recuperación e transformación industrial da zona, pode supoñer un revulsivo capaz de corrixir esta situación, pero para iso é imprescindible o traballo conxunto de todas as administracións e dos interlocutores socioeconómicos.



Transcorrido todo este tempo, temos que lamentar que só a Xunta de Galicia está a cumprir os compromisos adquiridos.

Entre as actuacións lideradas pola Xunta atopámonos as dirixidas á consolidación dos servizos públicos, á mellora das infraestruturas e vías de comunicación e o apoio ás empresas e ás iniciativas de modernización e mellora competitiva.

Con todo, é urxente que o Goberno de España tamén asuma os seus compromisos con Ferrol, impulsando aquelas cuestións que están dentro do seu ámbito de competencia, como é o caso da mellora das comunicacións ferroviarias e que contribúa dun xeito decidido a defender -e non prexudicar con decisións erradas- a sectores estratéxicos como é o naval.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que sitúe a Ferrol entre as súas accións prioritarias e urxentes e materialice os compromisos pendentes coas veciñas e veciños deste municipio, en particular, impulsando as seguintes accións:

1º- Desenvolver as medidas previstas no Pacto de Estado por Ferrol, dirixido á reactivación económica e social da cidade e das comarcas de referencia, protexendo o emprego e o tecido industrial a través da modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais, así como da diversificación cara a novos sectores con gran potencial de futuro.

2º- Dotar dos orzamentos necesarios para desenvolver con urxencia infraestruturas para modernizar as instalacións de Navantia Ferrol, nomeadamente, a construción dun dique seco que permita poñer en marcha o estaleiro 4.0 que reforce a competitividade, mellore a eficiencia e prepare estas instalacións para os retos de futuro.

3ª- Presente e execute unha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias, así como os investimentos necesarios que fagan posible estender a Ferrol os beneficios da alta velocidade e lograr a inclusión da liña Coruña – Ferrol no corredor atlántico de mercadorías, ademais da imprescindible modernización da liña Ferrol-Ribadeo

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/07/2022 14:56:50

José Manuel Rey Varela na data 18/07/2022 14:57:17

Freire Vázquez, María Begoña na data 18/07/2022 14:57:55

Ana Belén García Vidal na data 18/07/2022 14:58:13

López Sánchez, Rosalía na data 18/07/2022 14:58:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/07/2022 14:58:51

Pardo López, Adrián na data 18/07/2022 14:59:19

Carmen María Pomar Tojo na data 18/07/2022 14:59:40

Paula Prado del Río na data 18/07/2022 15:00:13

María Belén Salido Maroño na data 18/07/2022 15:00:57

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 18/07/2022 15:01:10

Ovidio Rodeiro Tato na data 18/07/2022 15:01:28

Borja Vereja Fraiz na data 18/07/2022 15:01:51

José Manuel Balseiro Orol na data 18/07/2022 15:03:41

Marta Nóvoa Iglesias na data 18/07/2022 15:04:05

Ramón Carballo Páez na data 18/07/2022 15:04:37

María Sol Díaz Mouteira na data 18/07/2022 15:05:14

Cristina Sanz Arias na data 18/07/2022 15:05:41

José Antonio Armada Pérez na data 18/07/2022 15:06:10

Rodríguez Pérez, Moisés na data 18/07/2022 15:06:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Sandra Vázquez Domínguez na data 18/07/2022 15:09:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o expresidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusións, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

A Xunta de Galicia, nos decretos polos que se aprobaron as fusións voluntarias dos ditos concellos dando orixe a un novo concello, establecía na propia exposición de motivos que consideraba que concorrían razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellaban a fusión iniciada polos concellos, xa que, segundo consideraban os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estaría en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local, de igual xeito, fundamentábase en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarán importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 9 e 6 anos respectivamente dende a materialización das dúas fusións, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º) Elabore no segundo semestre do exercicio 2022 un estudo no que se faga unha valoración do resultado acadado por estas dúas fusións, no que se teña en conta o impacto sobre o nivel de vida da cidadanía dos novos concellos así como a súa contribución á fixación de poboación.



2º) Elabore no segundo semestre do exercicio 2022 un estudo sobre a planta e as necesidades de financiamento municipal na nosa comunidade, na que participen a Federación Galega de Municipios e Provincias e as tres universidades galegas.

3º) Publique no segundo semestre de 2022, na páxina *web* da Xunta de Galicia, en cumprimento a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a totalidade dos recursos destinados aos concellos fusionados dende a constitución de cada un dos novos concellos?

B) O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas a elaborar un informe de fiscalización sobre:

1º) A situación económica dos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras dende o ano 2009 ata a súa fusión.

2º) A situación económica do Concello de Oza-Cesuras dende a súa fusión ata o ano 2021.

3º) A situación económica dos Concellos de Cerdedo e Cotobade dende o ano 2009 ata a súa fusión.

4º) A situación económica do Concello de Cerdedo-Cotobade dende a súa fusión ata o ano 2021.

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/07/2022 13:49:00

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/07/2022 13:49:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2022 13:49:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideran manter sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto da situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os reais decretos lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2% ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer para xente moza, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa



comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro para xente moza posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Por iso, O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

A) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, dentro do marco das súas amplas competencias estatutarias e a súa capacidade económica aprobe inmediatamente un plan de choque para facer fronte á situación que están a padecer as persoas particulares, as autónomas e as empresas que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:

1º) Plan de bonificación extraordinario de impostos de carácter autonómico aboados durante o exercicio 2022 relacionados directamente coa actividade desenvolvida para todas aquelas empresas, pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas directamente afectadas pola situación conxuntural.

2º) Incrementar o mínimo exento no tramo autonómico do IRPF nunha porcentaxe igual que o incremento do IPC.

3º) Modificar os tramos autonómico do IRPF establecendo unha maior progresividade na súa aplicación.

4º) Poñer en marcha inmediatamente un plan de axudas directas extraordinarias para empresas e persoas traballadoras autónomas afectadas por esta situación.

5º) Reforzar inmediatamente as axudas para as persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión social.

B) O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Consello Económico Social e lle solicite a elaboración urxente dun informe sobre o impacto que supón esta situación nas familias e nos sectores prexudicados.

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:47:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:47:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 12:47:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego puidesen manterse sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto desa situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os real decretos lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2 % ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer da xente moza, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa



comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro para xente moza posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Tendo en conta os últimos datos publicados polo IGE, que nos revelan que en 2020 en Galicia tiñamos 44.442 fogares que se atopaban en carencia material severa, 4.330 fogares máis que en 2019, situación na que se atopan os fogares que teñen carencia, polo menos, en catro conceptos entre non poder permitirse ir de vacacións nin unha semana ao ano; non poder permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; non ter capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; ter retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.); non poder permitirse dispoñer de coche; non poder permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil); non poder permitirse dispoñer de televisor en color ou non poder permitirse dispoñer de lavadora.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a achegar neste ano 2022 unha contía idéntica á achegada polo Estado para bono social eléctrico e bono social térmico para chegar a todas as familias galegas que se encontran en carencia material severa e que se execute inmediatamente.

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:09:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:09:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 12:09:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas paulatinas en determinadas actividades, véndose nalgúns casos interrompida, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron ás administracións a tomar unha serie de medidas absolutamente necesarias que supuxeron un incremento importante dos recursos precisos para atender as novas necesidades, así o Goberno do Estado despregou inmediatamente unha serie de medidas para que as CC.AA puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e educativo e tamén para que proporcionasen axudas directas ás empresas e persoas traballadoras autónomas máis afectadas pola crise.

Así, o 16 de xuño de 2020 o Goberno do Estado aprobou o Fondo Covid-19 dotado con 16.000 M€ para que as CC.AA puidesen financiar os gastos da pandemia, un fondo non reembolsable e que non ía xerar máis débeda nin intereses. Destes fondos covid en 2020 correspondéronlle á Xunta de Galicia 735 millóns de euros, 418 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns de euros para compensar a redución da actividade económica.

Posteriormente, o Goberno do Estado seguiu achegando fondos ás comunidades autónomas para que puideran seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia, dos que a Xunta de Galicia recibiu, entre outros, 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia, 1,9 millóns de euros para bolsas de comedor, 20,3 millóns de euros para o sistema da autonomía e a atención á dependencia (SAAD), 272 millóns de euros de fondos Feder máis para gasto sanitario e 441 millóns de euros dos fondos React-EU (253,8 millóns en 2021 e 88,2 millóns en 2022) para reforzar a



educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoio a pemes e autónomos.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se reúna coa Fegamp para estudar os gastos nos que incorreron os concellos galegos para evitar a propagación do virus da covid-19, coa finalidade de transferirlles os importes correspondentes.

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:39:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:39:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 12:39:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a resolución dos procesos selectivos da Oferta de Emprego Público de 2019 da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público establece a obrigatoriedade de resolver no prazo de 3 anos as ofertas de emprego público.

Como é preceptivo -por ser necesaria a aprobación e planificación anual- mediante Decreto 33/2019 (DOG 5 de abril de 2019) a Xunta de Galiza aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2019. É abondo elocuente que na propia Oferta de Emprego Público contemplábase a posibilidade de incluír nun único proceso selectivo todas aquelas prazas xa previstas nas OEPs de 2016, 2017 e de 2018 cuxos procesos aínda non foran convocados. Val dicir, a Xunta reconece a vulneración legal en que incorreu e que infrinxiu as previsións contidas nas OEPs (malia o limitado das mesmas en virtude da taxa de reposición existente), polo que permitía acumular aos procesos selectivos de 2019 todas as prazas previstas nas OEPs de exercicios anteriores.

A pesares do expreso recoñecemento dos reiterados incumprimentos legais e da consecuente precarización do emprego público na Xunta de Galiza non se apreciou, nin aprecia un propósito real de emenda. Así, non é ate máis de 6 meses despois de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicada a OEP de 2019 cando se empezan a convocar os procesos selectivos correspondentes á mesma. Algúns dos que, como xa se indicou, contemplaban prazas relativas a outras OEPs de exercicios anteriores, 2016, 2017 ou 2018.

